

# BOLETÍN UVIGO/HUMANA



# BENVVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Responsabilidade Social e Cooperación [+ Info Direc.rsc@uvigo.es](mailto:Info.Direc.rsc@uvigo.es)

---

## A Universidade e a Axenda 2030 das Nacións Unidas

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en

contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

# XUÑO

*"un verán comprometido"*

| L                                        | M                                     | MÉ                           | X  | V                                                   | S                                 | D                                                              |
|------------------------------------------|---------------------------------------|------------------------------|----|-----------------------------------------------------|-----------------------------------|----------------------------------------------------------------|
|                                          |                                       | 1                            | 2  | 3<br>Día Mundial da Bicicleta                       | 4                                 | 5<br>Día Mundial do Medio Ambiente                             |
| 6                                        | 7                                     | 8<br>Día Mundial dos Océanos | 9  | 10                                                  | 11                                | 12<br>Día Mundial Contra o Tráballo Infantil                   |
| 13                                       | 14<br>Día Mundial do Doante de Sangue | 15                           | 16 | 17<br>Día Mundial da Loita contra a Desertificación | 18<br>Día da Gastronomía Sostible | 19<br>Día para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos |
| 20<br>Día Mundial das Persoas Refuxiadas | 21                                    | 22                           | 23 | 24<br>Noite de San Xoán                             | 25                                | 26<br>Día en Apoio das Vítimas da Tortura                      |
| 27                                       | 28                                    | 29                           | 30 |                                                     |                                   |                                                                |

- **Provivienda Vigo: Exposición "A Nosa Andadura"; ilustracións e relatos de mulleres migrantes.** 17/06/22 ás 18h en A Morada (Vigo).
- **Provivienda Ourense: II Encontro con Aroma a Café; atopemos o que nos une.** 20/06/22 polo Día Mundial das Persoas Refuxiadas na Cafetería Trampitán, baixos da Praza Maior (Ourense).
- **RGCUD: II Concurso de vídeos "Móvete polos ODS".** Prazo de presentación ata 30/09/22 (+info na páx. 7)


# CHAVE S

deste número

## 20 de xuño: Día Mundial das Persoas Refuxiadas

O día 20 de xuño foi a data escollida polas Nacións Unidas para honrar ás persoas refuxiadas e desprazadas por todo o mundo, xa que se trata dun colectivo que diariamente véese forzado a abandonar os seus lugares de orixe a causa das consecuencias de conflitos e persecucións.

Que unhas persoas se vexan abocadas a migrar e outras non é unha cuestión de sorte, por isto, resulta sumamente importante fomentar a comprensión e empatía cara as persoas desprazadas en consideración das difíciles circunstancias nas que se atopan; empatía contra os discursos de odio que criminalizan ás poboacións migrantes. [+Info](#)



## Actividades

**Exposición "A Nosa Andadura"; ilustracións e relatos de mulleres migrantes.** 17/06/22 ás 18h en A Morada (Vigo)

Exposición do traballo realizado por mulleres participantes do Programa de Protección Internacional que, acompañadas polo equipo profesional da Asociación Provivienda, contan o seu camiño ata chegar a Galicia.

**II Encuentros con Aroma a Café; atopemos o que nos une.** 20/06/22 polo Día Mundial das Persoas Refuxiadas na Cafetería Trampitán, baixos da Praza Maior (Ourense)

Esta actividade, organizada por Provivienda en Ourense, é unha oportunidade de conversar con persoas refuxiadas e solicitantes de asilo coa fin de compartir experiencias e inqúedanzas e tratar de tecer redes informais.

## CURSOS E XORNADAS

---

**Un mundo desigual: Desafíos e compromisos no contexto da Axenda 2030. Manos Unidas e USC [+Info](#)**

Data: 14/06/2022. Fin: 16/06/2022. Modalidade: presencial.

**Ciclo de análise virtual: #PalestinaEs...periodismo e activismo. IECAH [+Info](#)**

Inicio: 20/06/2022. Fin: 22/06/2022. En liña.

**Curso de introdución á facilitación. Consejo de la Juventud de Castilla y León [+Info](#)**

Inicio: 08/07/2022. Fin: 10/07/2022. Límite matriculacións: 30/06/2022. Presencial.

**Formación básica en obxectivos de desenvolvemento sostible. Cruz Vermella [+Info](#)**

Inicio: 23/06/2022. Fin 07/07/2022. Límite matriculacións: 20/06/2022. En liña.

**Formación en cooperación internacional. Cruz Vermella [+Info](#)**

Inicio: 21/09/2022. Fin: 21/11/2022. Límite matriculacións: 07/09/2022. En liña.

**Introdución á cooperación internacional. Cruz Vermella [+Info](#)**

Inicio: 19/10/2022. Fin: 19/12/2022. Límite matriculacións: 13/10/2022. En liña.

**Cursos en Dereitos Humanos. Amnistía Internacional [+Info](#)**

En liña. Formación continua.

**Laboratorio de deconstrución antirracista. Desirée Bela-Lobedde [+Info](#)**

En liña. Formación continua.

## SUXESTIÓNS

### A peonil de Urzáiz de Vigo acolle a exposición fotográfica 'De oficio, defensoras' protagonizada por 15 activistas internacionais



De oficio  
**Defensoras**

Fotografías e voces de mulleres activistas arredor do mundo

VIGO

DO 2 AO 22 DE XUÑO  
Peonil de Urzáiz (fronte ao Mercado do Calvario)

#30ANOS

Organiza COORDINADORA GALEGA DE ONGD  
Financia XUNTA DE GALICIA  
Xacobeo 2021 cooperación galega  
Colabora CONCILLO DE VIGO

©Coordinadora Galega de ONGD 2/06/2022

As mulleres defensoras de dereitos humanos adican a súa vida a protexer a liberdade de prensa, a defender a terra ou a combater a violencia de xénero. O último informe de Frontline Defenders, unha organización de apoio e protección ás activistas, revela que en 2020 foron asasinadas 331 persoas defensoras de dereitos humanos en todo o mundo, 44 das cales mulleres. A Coordinadora Galega de ONGD quere ensalzar a labor de defensoras e mulleres activistas de arredor do mundo a través dunha exposición nómada que visita diferentes concellos de toda Galiza e, que agora, ocupa a peonil de Urzáiz. [+Info](#)

## CONVOCATORIAS E EVENTOS

**RECacciona: concurso de vídeos para mozos/as universitarios/as comprometidos con temáticas sociais. ONG CESAL [+Info](#)**

**II Concurso de fotografía social: Relacións interxeneracionais [+Info](#)**

Fin de prazo para a presentación de solicitudes: 31/07/2022

**2 Bolsas Sarralle Grow para mozas que no próximo curso académico comeceen estudos de dobre grao [+Info](#)**

Fin de prazo para a presentación de solicitudes: 22/07/2022

**Galicia Joven Emprende '21 [+Info](#)**

Fin de prazo para a presentación de solicitudes: 31/10/2022



**II CONCURSO DE VÍDEOS**  
*Móvete polos ODS*

Para estudantes da UDC, UVigo e USC  
Prazo de presentación  
Ata o 30 de setembro de 2022 (ás 14 h)

**Premios**  
- 1.º Premio: 550 €  
- 2.º Premio: 350 €  
- 3.º Premio: 200 €  
- A innovación: 100 €

**Máis información**  
- UDC: [ocv@udc.gal](mailto:ocv@udc.gal)  
- USC: [sepiu.santiago@usc.gal](mailto:sepiu.santiago@usc.gal)  
- UVigo: [direc.rsc@uvigo.gal](mailto:direc.rsc@uvigo.gal)

**OBXECTIVOS DE DESARROLLO SOSTIBLE**

Bases da convocatoria  
<http://rgcud.gal/convocatorias/temas/>  
e contacta no vídeo: [rgcud@rgcud.gal](mailto:rgcud@rgcud.gal)

Universidade de Vigo USC UNIVERSIDADE DA CORUÑA XUNTA DE GALICIA cooperación RGCUD

### II Concurso de vídeos “Móvete polos ODS” da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)

Este concurso pretende convidar ás persoas participantes a mobilizarse e comprometerse fronte aos grandes retos da Axenda 2030, como son: o cambio climático as

desigualdades sociais e de xénero, a perda da biodiversidade, a escaseza de auga, entre etc. Está aberto a vídeos de 1 min de duración, en formato mp4, e coa temática de como se pode contribuír á consecución dalgunha das 169 metas da Axenda. O prazo de presentación pecha o día 30 de setembro de 2022 ás 14h. [+Info](#)

## COÑECE AS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA #4



AIRE, a Asociación Integral de Rescate en Emerxencias, é unha ONG galega fundada por unha equipa de profesionais procedentes de diferentes servizos de emerxencias: bombeiros, persoal médico-sanitario e socorristas especializados na acción rápida en crisis humanitarias que, co tempo,

foise diversificando. Esta ONG desenvolve o seu traballo en España, pero tamén están presentes naqueles países de destino das migracións forzosas. É por isto que a súa labor céntrase en prestar asistencia a persoas refuxiadas, en escenario de conflito ou situacións de emerxencia.

Por último, AIRE foi a entidade social premiada na categoría internacional nos Premios Consello Social-UVigo Humana do ano 2021 pola súa labor solidaria. [+Info](#)

## PODCASTS COMPROMETIDOS



**Regularización YA: Derechos esenciales para trabajadores esenciales (Carne Cruda) [+Info](#)**

**Juana Ruiz, cooperante presa en Israel: "En la cárcel me dejo las mejores amigas del mundo" (ElSalto Radio) [+Info](#)**

**Lo justo es... el comercio justo (ElSalto Radio) [+Info](#)**

© elDiario.es 9/05/2022.



## NOVAS DO DUVI

---

O alumnado do Programa para Maiores exercerá de embaixadores e embaixadoras da ciencia ante a cidadanía [+Info](#)

A Universidade de Vigo únese á Alianza Galega polo Clima [+Info](#)

O CIM recibe a visita dun comité avaliador externo internacional [+Info](#)

Unha equipa internacional liderada desde a UVigo estudará o impacto do cambio climático sobre a atmosfera, a orbitación de satélites e o lixo espacial [+Info](#)

Dez anos de PortAmérica, moita música e gastronomía, pero tamén transmisión dos ODS [+Info](#)

Un documental achegará ao campus a guerra en Colombia e o papel de Benposta na atención a menores recrutados [+Info](#)

Coñecer de primeira man os proxectos de voluntariado para logo participar neles [+Info](#)

## NOVAS

---

O Goberno Rexional de Murcia fulmina a Dirección Xeral de Cooperación ao Desenvolvemento [+Info](#)

A oportunidade (ou non) de conseguir unha Lei de Cooperación realmente transformadora [+Info](#)

A Coordinadora Galega de ONGDs demanda ao Pleno do Concello de Santiago "recuperar a unanimidade nas políticas públicas de cooperación" [+Info](#)

O Consello de Ministros aproba o anteproxecto da Lei de Cooperación [+Info](#)

Madrid acolle a reunión do Alto Nivel Migración-Desenvolvemento no marco la Presidencia española do Proceso Rabat [+Info](#)

## VOLUNTARIADO E PRÁCTICAS PROFESIONAIS

---

### Programas de voluntariado para o alumnado da Universidade de Vigo

Os membros da nosa comunidade universitaria poden participar en proxectos de voluntariado mediante unha entidade de acción voluntaria.

Como alumnado tes dereito ao recoñecemento de créditos ECTS por compartir horas do teu tempo. Podes validar 30 horas de voluntariado por 1 crédito ECTS. [+Info](#)

### Outras oportunidades de voluntariado

**Voluntariado Galego** [+Info](#)

**Centro Europeo de Voluntariado** [+Info](#)

**Portal Europeo da Xuventude** [+Info](#)

**Prácticas profesionais nas ONGDs** [+Info](#)

**Voluntariado da Organización das Nacións Unidas** [+Info](#)

## NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS

---

**El hilo conductor de la ecología: sobre el tiempo, la vida y el trabajo.** André Gorz, 2019, Barcelona, Icaria [+Info](#)

**Encuentros interculturales en sociedades multiculturales: inmigración, multilingüismo y multiculturalidad.** María-José Cano Pérez (coord.); Antonio Bernardo Espinosa Ramírez, Miguel Ángel Espinosa Villegas, Tania María García Arévalo (eds.), Editorial Universidad de Granada (2019) [+Info](#)

## RECURSOS

---

**Catálogo de publicacións da Coordinadora Galega de ONGD** [+Info](#)

**Catálogo de publicacións de Cooperación Española** [+Info](#)

**Catálogo de publicacións de Cooperación Española** [+Info](#)